

## BIVALPLUS: Mellora integral do ciclo produtivo da ameixa e o berberecho



### Descrición

BIVALPLUS ten como obxectivo principal incrementar a eficiencia e a rendibilidade do ciclo produtivo da ameixa babosa (*Venerupis pullastra*) e o berberecho (*Cerastoderma edule*), ao longo das súas distintas fases: cultivo en criadeiro, preengorde, depuración e transformación.

### Subproxecto con Ariema: Sistema de monitorización e control dun campo de baterías

O CiTIUS colaborará con [Ariema Enerxía](#) no desenvolvemento dun sistema de monitorización e control de carga e descarga dun campo de baterías. O sistema será aplicado na xestión intelixente de enerxías limpas nunha batea experimental.

O conxunto aproveitará dúas fontes de enerxía renovable (mini-eólica e solar fotovoltaica) e incluírá dous sistemas de almacenamento de enerxía: un banco de baterías convencionais e un sistema de hidróxeno. Este último está composto de tres módulos: un electrolizador de auga que xerará hidróxeno en momentos puntuais de excedente de enerxía solar e/ou eólica, un depósito a baixa presión, que almacenará o gas, e un sistema de pila de combustible, que xerará enerxía eléctrica, cando quede pouca carga nas baterías. O prototipo, desenvolvido a xeito de demostrador, validarase in situ nunha batea experimental real; será de baixa potencia, e estará implementar con tecnoloxías de baixo custo.

## INVESTIGADORES

### Subproxecto con Ariema: Sistema de monitorización e control dun campo de baterías

#### Investigador principal

José Manuel Cotos Yáñez

#### Investigadores do CiTIUS

David Mera Pérez

Sebastián Villarroya Fernández

## DETALLES

**Data de execución:**

01/09/2013 - 31/12/2014

**Páxina web**

 <http://www.bivalplus.com/>

**Consortio**

ANFACO-CECOPESCA (*líder*)

Aquanor

Ariema

Conservas Costas y Miñán

Europrecis Galicia

Infogric

Remagro

CITIUS

**Financiado por**

FEDER-INNTERCONECTA, Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), ITC- 20133078



**XUNTA  
DE GALICIA**

agencia  
gallega de  
Innovación



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE ECONOMÍA  
Y COMPETITIVIDAD



Centro para el Desarrollo  
Tecnológico Industrial



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Europeo de  
Desarrollo Regional (FEDER)  
*Una manera de hacer Europa*